

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

EXTRACTO da Resolución do 22 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento SI437A).

BDNS (Identif.): 705313.

De conformidade co previsto no artigo 17.3.b) e no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias das axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres as asociacións de mulleres e as federacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que teñan domicilio social en Galicia e estean inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), sempre que cumpran os demais requisitos e condicións establecidos nas bases reguladoras.

Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva e teñen por obxecto fortalecer e consolidar o movemento asociativo e potenciar a participación social e a calidade de vida das mulleres galegas a través das seguintes liñas:

a) Liña 1: consolidación do movemento asociativo, destinada a compensar gastos correntes que orixinen o mantemento e o funcionamento das asociacións de mulleres e as súas federacións.

b) Liña 2: promoción de actuacións e actividades singularizadas en materia de igualdade, de prevención da violencia de xénero e de acompañamento das vítimas, con especial incidencia nas mulleres rurais, mulleres maiores e/ou mulleres en situación de vulnerabilidade, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.



Poderán ser obxecto de subvención na liña 1 os gastos xerados no período comprendido entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos.

Poderán ser obxecto de subvención na liña 2 os gastos e actuacións realizadas no período comprendido entre o 1 de decembro de 2022 e o 30 de novembro de 2023, ambos os dous incluídos.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 22 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento SI437A).

Cuarto. *Importe*

A contía máxima da axuda que se pode conceder ao abeiro desta convocatoria é:

- a) Na liña 1: 4.000 euros.
- b) Na liña 2: 6.000 euros.

Para a concesión destas axudas destínase crédito por un importe total de trescentos trinta mil euros (330.00 €) con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, de acordo coa seguinte distribución:

a) Liña 1: financiada con fondos propios da Comunidade Autónoma, por un importe total de 180.000 euros, para a consolidación do movemento asociativo, destinada a compensar gastos correntes que orixinen o mantemento e funcionamento das asociacións de mulleres e das súas federacións.

b) Liña 2: financiada con fondos finalistas do Estado a través do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, por un importe total de 150.000 euros, para a promoción de accións singularizadas en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día



do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2023

A secretaria xeral da Igualdade
P.D. (Disposición adicional segunda do Decreto 123/2022)
José Ramón Pardo Cabarcos
Secretario xeral técnico da Consellería de Promoción
do Emprego e Igualdade

CVE-DOG: u5zkpvf5-cjh3-j6r5-y5r6-90inox2iy7o0

